Síntese:

O PRINCIPIO DE IGUALDADE E A SÚA REALIZACIÓN PRÁCTICA

A esixencia de igualdade forma parte da noción intuitiva común de xustiza, e é un dos "valor superiores" da Constitución Española de 1978.

1. A EXTENSIÓN DO PRINCIPIO DE IGUALDADE

Iguais son os que teñen un mesmo rango ou dignidade básica que os fai suxeitos dos mesmos dereitos fundamentais.

1.1. A igualdade estaba restrinxida aos cidadáns até ben entrada a Idade Moderna, e xustificada pola "lotería natural" do nacemento.

O Cristianismo proclamou a igualdade de todos os seres humanos en canto fillos de Deus, pero mantivo a estrutura xerárquica da sociedade e xustificou os diferentes rangos e os privilexios a eles asociados.

1.2. A universalizacicón teórica da igualdade

A Ilustración e as revolucións liberais burguesas estenderon o principio de igualdade a todos os seres humanos, que nacen libre e iguais.

O seu fundamento será a natureza racional común compartida que converte ao ser humano nun fin último dotado da mesma dignidade básica (Kant).

Non obstante, persistirán situacións de dominación e discriminación que impedirán que este recoñecemento da igualdade poida facerse efectivo.

2. O DESENVOLVEMENTO DO PRINCIPIO DE IGUALDADE

O principio abstracto de igualdade evolucionará da mera "igualdade diante da lei" até a "igualdade de oportunidades".

2. 1. A igualdade diante da lei

Comporta que a lei sexa "cega" ás diferenzas individuais: que teña carácter "xeral" e sexa "imparcial". Igualdade legal, abstracta e fría.

É a concepción liberal máis radical, nacida das revolucións burguesas e defensora das liberdades individuais: prohibe toda discriminación arbitraria, baseada en diferenzas de xénero, etnia, relixión, etc., pero compatible coas desigualdades económicas, sociais e culturais.

Pero, a xustiza social esixe compensar as desigualdades de nacemento con medidas que puideran equiparar a todos na liña de saída para competir por acadar as posición sociais máis relevantes e beneficiosas.

2. 2. A igualdade de oportunidades

A igualdade de oportunidades é un logro social dos movementos reivindicativos que levaron ao recoñecemento dos dereitos económicos, sociais e culturais.

Os dereitos sociais, como o dereito á educación e á cultura, permiten unha maior igualación nas oportunidades de partida para todos. Non igualdade de resultados (de chegada), que dependerán do esforzo e do talento de cada cal.

Dende os sectores liberais máis radicais e críticos co Estado social as medidas sociais pro igualdade son consideradas un lastre, por xerar un gasto social improdutivo ao desincentivar o esforzo e favorecer a ineficacia.

Esta crítica é inxusta, pois igualar as condicións de partida aumenta o potencial de recursos humanos dispoñible, ao ofrecer a oportunidade de desenvolver talentos naturais a individuos que doutro xeito quedarían agochados.

Pero, non hai maneira posible de amañar a inmensa maioría das desvantaxes orixinadas de nacer nun lugar equivocado; ou de nacer con talento ou sen el.

Por iso, o socialismo máis radical ten defendido un igualitarismo radical, que eliminaría toda diferenza no goce de bens (co problema de desincentivar o esforzo individual e favorece a indolencia e a ineficacia.

Tamén o liberalismo social (Rawls) propugna a redución das diferenzas de acceso aos bens sociais ás mínimas necesarias para incentivar o esforzo.

2.3. Máis alá da igualdade de oportunidades

Na práctica é imposible unha verdadeira igualdade de oportunidades: certas desigualdades de orixe son dificilmente igualables.

De aí a necesidade de ir máis alá da simple igualdade de oportunidades para compensar con medidas sociais as desigualdades irredutibles, garantindo aos máis desafortunados unha vida digna co acceso aos bens básicos: protección aos grandes dependentes, subsidios de invalidez, desemprego, etc.

A lexitimación de calquera medida que ofreza un trato normativo desigual a un colectivo só pode ser a necesidade de compensar ou paliar desvantaxes non imputables ao mesmo, non proporcionar ou defender vantaxes xa existentes.

3. A REALIZACIÓN EFECTIVA DO PRINCIPIO DE IGUALDADE

Para que a cultura da igualdade se implante nos comportamentos sociais e as actitudes discriminatorias se erradiquen dos hábitos sociais arraigados, non basta co igualdade legal, son necesarias accións positivas públicas complementarias.

3.1. A discriminación positiva

As accións positivas en pro da igualdade son medidas lexislativas dirixidas a remover obstáculos que impiden de feito que o dereito á non discriminación sexa efectivo. Poden ser de dous tipos:

a) accións que non prexudican directamente a terceiros, tales como axudas económicas ou desgravacións, etc.

b) accións de discriminación inversa, que tratan de forma deliberada de ofrecer certas vantaxes a grupos tradicionalmente discriminados, fronte a outros.

As discriminacións positivas inversas deberían ser necesariamente temporais, pois só se xustifican na medida en que persista unha discriminación inxustificada a nivel social dalgún grupo ou colectivo.

3.2. A acción educativa

As discriminacións sociais máis comúns teñen raíces profundas nas propias tradicións culturais, e precisan accións educativas a longo prazo que cambien certos hábitos mentais para erradicar actitudes como o machismo ou o racismo.

3.3. A desigualdade a escala mundial

As abismais desigualdades entre países ricos e pobres preséntase hoxe en día no mundo globalizado como a maior inxustiza estrutural do planeta.